



CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250
C. I. F. P - 2701000 H - R. E. L. 01270109

DECRETO DE ALCALDÍA

ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE SERVICIO DE REDACCIÓN DOS PROXECTOS “REXENERACIÓN E PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS A NÚCLEOS DE RAMIL, BALMONTE, VILADONGA, GOBERNO, OUTEIRO, BAZAR, SANTA LOCAIA, ORIZÓN, MONDRIZ, DUMPÍN, DUARRÍA, A RIBEIRA, BENDIA, MOS E TRIABÁ” E “CONDUCCIÓN DE REFORZO Ó DEPÓSITO DE ABASTECIMENTO DE MONTE MENILLE-CASTRO DE REI”, INCLUIDOS NO PLAN ÚNICO COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2022. Expte 74/2022.

D. Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde-Presidente do concello de Castro de Rei (Lugo).

Visto o Informe do Órgano de Contratación, da necesidade da contratación, de data 7 de febreiro de 2022, asinado pola alcaldía.

Dado que esta contratación realízase ao abeiro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022, cuxas bases reguladoras están publicadas no BOP de Lugo nº 6 de 10 de xaneiro de 2022.

Sendo necesaria a contratación da redacción dos proxectos das obras citadas anteriormente.

Vistas as ofertas económicas presentadas no concello por D. Alberto Flores Aguiar, Enxeñeiro de camiños, canles e portos, con NIF 33539741Z, que tiveron entrada na entidade local polo seguinte orden:

-En data 7 de febreiro de 2022 co nº RE-45, por importe total (IVE incluído) de 6.615,13€, en concepto de redacción de proxecto “Rexeneración e pavimentación de accesos a núcleos de Ramil, Balmonte, Viladonga, Goberno, Outeiro, Bazar, Santa Locaia, Orizón, Mondriz, Dumpín, Duarría, A Ribeira, Bendia, Mos e Triabá”

-En data 7 de febreiro de 2022 co nº RE-65, por importe total (IVE incluído) de 579,84€, en concepto de redacción de proxecto “Condución de reforzo ó depósito de abastecemento de Monte Menille-Castro de Rei”

Dacordo cos artigos 118 e 131 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro e en virtude do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local e no Decreto de Alcaldía, nº 318/2019 de 2 de xullo de 2019, publicado no B.O.P, nº 165, de 19 de xullo de 2019:

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar a tramitación do expediente de contratación polo procedemento de contrato menor dacordo co artigo 138 da Lei de Contratos do Sector Público.

Segundo.- Aprobar a contratación do servizo de redacción dos proxectos das obras de: “Rexeneración e pavimentación de accesos a núcleos de Ramil, Balmonte, Viladonga, Goberno, Outeiro, Bazar, Santa Locaia, Orizón, Mondriz, Dumpín, Duarría, A Ribeira, Bendia, Mos e Triabá” e “Condución de reforzo ó depósito de abastecemento de Monte Menille-Castro de Rei” e aprobar o gasto con cargo á partida orzamentaria correspondente do orzamento do exercicio 2022, que é o prorrogado de 2021, por importe total de 7.194,97€.



Terceiro.- Adxudicar o contrato menor do servizo de redacción dos proxectos das obras de: “Rexeneración e pavimentación de accesos a núcleos de Ramil, Balmonte, Viladonga, Goberno, Outeiro, Bazar, Santa Locaia, Orizón, Mondriz, Dumpín, Duarría, A Ribeira, Bendia, Mos e Triabá” e “Condución de reforzo ó depósito de abastecemento de Monte Menille-Castro de Rei”, a Alberto Flores Aguiar, Enxeñeiro de camiños, canles e portos, con NIF 33539741Z, por importe total de 7.194,97€.

Cuarto.- Notificar este acordo a Alberto Flores Aguiar.

Quinto.- A Alcaldía deste concello será a habilitada para a realización de calquera xestión ou sinatura de calquera documento necesarios, para o desenvolvemento e execución desta resolución.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA DATA QUE FIGURA Á MARXE

